Liña B: investimentos destinados a mellorar as condicións laborais, en especial a redución da exposición ao po e ao ruído dos traballadores nos seus postos de traballo.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Prazo: Consultar Artigo 4.

ORDE do 19 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2021 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, e da calidade e do control e rastrexabilidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE209N). (Diario Oficial de Galicia, Num: 27, 10-02-2021, Páx: 8552)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias destas axudas as confrarías de pescadores de

CONVOCATORIAS

Galicia que desenvolvan un proxecto colectivo que modernice as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo das persoas pescadoras, mellora da calidade e o incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca.

Obxecto: O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras xerais para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos que modernicen as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo das persoas pescadoras, a mellora da calidade e o incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca.

Convoca: Consellería do Mar.

Prazo: Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

ORDE do 27 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas que se dediquen á elaboración de rocha ornamental, en réxime de concorrència non competitiva, para a loita contra as enfermidades profesionais, especificamente as que poidan derivar dunha exposición prolongada ao po, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN317B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 29, 15-02-2021, Páx: 9271)

Destinatarios: Empresas privadas con centros de traballo de elaboración de rocha ornamental localizados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que a subvención solicitada teña por obxecto mellorar as condicións laborais nos ditos centros de traballo localizados na Comunidade Autónoma de Galicia.

En calquera caso, para os efectos de esta orde, considéranse actividades de elaboración de rocha ornamental aquelas actividades incluídas na sección C e, en concreto, na clase 23.70 do CNAE.

Obxecto: Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ás empresas que se dediquen á elaboración de rocha ornamental, así como a súa convocatoria para o ano 2021, que teñen por obxecto incentivar a aplicación de tecnoloxías innovadoras e a implantación das mellores técnicas e medidas organizativas dispoñibles para a loita contra as enfermidades profesionais, especificamente as que poidan derivar dunha exposición prolongada ao po, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convoca: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

Prazo: Consultar Artigo 4.

ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva para o ano 2021, tramitada como

CONVOCATORIAS

anticipado de gasto (código de procedemento MT210A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 27, 10-02-2021, Páx: 8296)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias da subvención as entidades locais municipais e supramunicipais, así como as agrupacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, que cumpran simultaneamente os requisitos mencionados nas bases.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto regular a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para a elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) destinadas ás entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable (procedemento MT210A), e facer pública a súa convocatoria para o ano 2021.

Convoca: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Prazo: Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

ORDE do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (códigos de procedemento MR651A e MR651B). (Diario Oficial de Galicia, Num: 31, 16-02-2021, Páx: 9863)

Destinatarios: Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas titulares de montes veciñais en man común, as súas agrupacións e mancomunidades, e as Sofor, sempre que non incorran en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obxecto: Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de subvencións que as persoas titulares de montes veciñais en man común (MVMC), as súas agrupacións e as sociedades de fomento forestal (Sofor) poderán percibir para a posta en marcha de actuacións preventivas recollidas na lexislación galega sobre incendios forestais e a súa convocatoria para o ano 2021 en réxime de concorrencia competitiva.

Convoca: Consellería do Medio Rural

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

RESOLUCIÓN do 3 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR331A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 33, 18-02-2021, Páx: 10410)

CONVOCATORIAS

Destinatarios: 1. Poderán acceder á condición de beneficiarias das subvencións obxecto da presente resolución:

a) Persoas físicas ou xurídicas e organizacións ou entidades directamente vinculadas á produción primaria en agricultura, gandería e/ou silvicultura.

b) Persoas físicas ou xurídicas primeiras transformadoras do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal.

Obxecto: Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións para a realización de accións de cooperación para a implantación de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agroalimentario, agrícola e forestal, e convocar estas axudas, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrència competitiva, para o ano 2021. O seu código de procedemento é MR331A.

Convoca: Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Prazo: Un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento MR605A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 39, 26-02-2021, Páx: 12143)

Destinatarios: Serán beneficiarios as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, non admitíndose a cesión por parte do arrendatario do terreo a un terceiro.

Das axudas previstas nesta orde serán persoas beneficiarias as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, os pro indivisos legalmente constituídos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas, as entidades locais e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC), que cumpran o establecido no punto 1.

Obxecto: As dúas liñas de axuda obxecto de subvención son as seguintes:

a) Liña I (medida Feader 8.3): axudas para realizar tratamentos silvícolas (prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible, como son rozas, desmestas, rareos e podas) coa finalidade de prevención de incendios.

b) Liña II (medida Feader 8.5): axudas para realizar tratamentos silvícolas (rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc.) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques que non teñan carácter produtivo.

Convoca: Consellería do Medio Rural.

Prazo: Trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no

CONVOCATORIAS

DOG.

Estatal

A Fundación Biodiversidad a través do Programa EmpleaVerde activa dúas convocatorias de axudas

Destinatarios: Persoas xurídicas privadas (con ou sen ánimo de lucro) afincadas en España ou autónomos empregadores.

Obxecto: O Programa EmpleaVerde activa dúas convocatorias de axudas co obxectivo de apoiar proxectos de formación e asesoramento en temas ambientais e para a contratación de persoas en desemprego, no marco da economía verde.

O obxectivo destas dúas iniciativas é fomentar a creación de empregos que contribúan á economía circular ou á xestión dunha mellora ambiental, co obxectivo de afrontar os grandes retos actuais como a crise da COVID-19, a perda da biodiversidade, o cambio climático ou o reto demográfico.

Convoca: Fundación Biodiversidade

Prazo: Dende o 20/02/2021 ata setembro de 2021.

Extracto da Resolución do 5 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral do CDTI E. P.E., de concesión directa de axudas do ano 2021 aos proxectos de I+D con participación española seleccionados nas convocatorias internacionais competitivas dos programas Eurostars2 e ERA-NET Cofund. (Boletín Oficial del Estado, Num: 36, 11-02-2021, Páx: 8107)

Destinatarios: Exclusivamente as empresas que desenvolvan os proxectos de investigación e desenvolvemento definidos no artigo 1 das convocatorias Eurostars2 e ERA-NET Cofund CSP ERANET, a condición de que se lles comunicou expresamente que contan con financiamento nacional asegurado mediante subvención.

Obxecto: Concesión directa de axudas aos proxectos de investigación e desenvolvemento aprobados décimo cuarta e décimo quinta convocatorias do Programa Eurostars-2 (CoD14 e CoD15) nos que participan entidades españolas e os proxectos seleccionados polo órgano de goberno de ERA-NET Cofund CSP ERANET na súa convocatoria conxunta de 2019.

Convoca: Ministerio de Ciencia e Innovación

Prazo: Consultar según proxectos

Unión europea

Convocatoria de propostas LIFE 2020 de ONG sobre o Pacto Verde Europeo (NGO4GD)

Destinatarios: Para postularse, debe ser unha ONG rexistrada legalmente na UE. Debe traballar principalmente no sector do medio ambiente e / ou acción climática. Pero non poderá presentar unha solicitude se xa está a recibir unha subvención operativa para ONG LIFE

Obxecto: Reforzar a capacidade das ONG que actúan a nivel dos Estados membros para mobilizar e fortalecer a participación da sociedade civil e a súa contribución á implementación do Pacto Verde Europeo.

CONVOCATORIAS

Convoca: Comisión europea

Prazo: 31 de marzo de 2021-17: 00 CET

Call for applications - Expert Group -Implementation of the Chemicals Strategy for Sustainability

Destinatarios: Consultar ligazón

Obxecto: A Comisión Europea abre unha convocatoria para formar parte do grupo de expertos que implementarán a Estratexia sobre Substancias Químicas para a Sustentabilidade.

A principal tarefa do grupo será apoiar á Comisión na consecución dos obxectivos da Estratexia sobre Substancias Químicas para a Sustentabilidade en diálogo coas partes interesadas, supervisar os avances na aplicación da Estratexia e apoiar a transición cara a substancias químicas seguras e sustentables e cara a un medio ambiente libre de tóxicos. Prevese que os debates se centren, en particular, en como facer que a lexislación sobre produtos químicos funcione de maneira máis eficiente e eficaz e como impulsar o desenvolvemento e a adopción de produtos químicos innovadores seguros e sustentables en todos os sectores. Os debates do grupo non substituirán ás consultas formais sobre as iniciativas específicas anunciadas na Estratexia, incluídas as próximas propostas legais.

Convoca: European Commission

Prazo: A convocatoria permanecerá aberta ata o 18 de marzo de 2021.

PREMIOS

Estatat

Competición LIBERA MAKERS 2021

Destinatarios: Alumnos de Formación Profesional con, polo menos, 18 anos

Obxecto: O obxectivo desta iniciativa é concienciar e mobilizar á cidadanía para manter os espazos naturais libres de lixo e que podamos, desta maneira, liberar moita máis vida en favor da conservación da natureza e a súa biodiversidade. Para iso, LIBERA expón unha abordaxe integral do problema, en tres eixos de acción: coñecemento, prevención e participación.

Convoca: Proyecto LIBERA e LIBERA Makers

Prazo: O prazo de envío do Pack LIBERA Makers será ata o 15 de maio

Internacional

Premio Biophilia de Comunicación Medioambiental

Destinatarios: Persoas xurídicas ou físicas de calquera nacionalidade cuxo traballo se enmarque dentro de calquera das facetas da comunicación ambiental.

Obxecto: Recoñecer contribucións en calquera faceta da comunicación ambiental e, especialmente, acerca da conservación da biodiversidade e o cambio climático, cun carácter particularmente innovador.

As contribucións obxecto do galardón inclúen un amplo abanico de formatos, estilos e canles, entre eles artigos, monografías, materiais multimedia ou libros de divulgación; a elaboración,

CONVOCATORIAS

edición ou presentación de reportaxes e documentais; o comisariado e deseño de exposicións; ou actividades en calquera canle de comunicación (prensa, radio, televisión, cinema, documentais e Internet).

Convoca: Fundación BBVA


Prazo: Ata o 31 de maio de 2021, ás 12 horas (hora peninsular española).

#RecyclingHeroes 2021

Destinatarios: Solicita candidaturas para o premio Heroe da Reciclaxe 2021, desde individuos ata líderes empresariais, desde comerciantes individuais ata empresas multinacionais, comunidades, pobos e cidades que seguisen reciclando activamente durante a crise de COVID-19.

Obxecto: O recoñecemento da reciclaxe como industria esencial é o tema do Día Mundial da Reciclaxe deste ano, que se celebra o 18 de marzo de 2021 e que pon de relevo aos nosos Heroes Mundiais da Reciclaxe. A reciclaxe, recoñecida como unha industria esencial, fixo enormes contribucións durante a actual pandemia sen precedentes.

Convoca: Global Recycling Foundation



ACTIVIDADES

CAMPAÑAS

Internacional

Proxecto Libera: "1m2 polos ríos, encoros e pantanos"

Contido: O proxecto Libera, impulsado por SEO Birdlife e Ecoembes, lanza a convocatoria de recollida de ciencia cidadá "1m2 polos ríos, encoros e pantanos" co obxectivo de que as agrupacións e colectivos participen na caracterización do lixo atopado nestes espazos. A cidadanía está chamada a participar nestas accións, que se desenvolverán entre os días 13 e 21 de marzo, ben organizando un punto de recollida novo, ou ben contactando cos organizadores dun punto de recollida que xa estea rexistrado.

Os datos recollidos servirán para orientar o desenvolvemento de accións de sensibilización para evitar que o lixo se deposite onde non debe.

Organizador: SEO/Birdlife y Ecoembes

Data de inicio: 13-03-2021

Data de fin: 21-03-2021

CONGRESOS

Internacional

Congreso Mundial da Natureza da UICN

Contido: O mundo reconece cada vez máis o vínculo inextricable entre conservación da biodiversidade e benestar humano e económico, unha conexión que a pandemia de COVID-19 fixo aínda máis visible. O Congreso da UICN será un fito clave para a conservación da natureza e o desenvolvemento dun novo marco mundial para a biodiversidade.

Lugar: Marsella

Organizador: Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza (UICN) e Gobierno Francés

Inscripción: Inscripcións: iucn@gl-events.com

Data de inicio: 03-09-2021

Data de fin: 11-09-2021

CURSOS

Galicia

Curso On-line: Edudacor e Intérprete Ambiental

Contido: 1.A Educación Ambiental: conceptos básicos, ámbitos, destinatarios e instrumentos.
2.Interpretación e descrición do medio natural galego.
3.O medio ambiente na actualidade, a problemática medioambiental.
4.A interpretación como ferramenta da educación ambiental.
5.Recursos para a difusión ambiental.
6.Técnicas e recursos para a educación ambiental: o monitor medioambiental.

ACTIVIDADES

7. Elaboración dun programa de educación ambiental a participación cidadá.

Lugar: On-line

Organizador: Concellalía de Educación. Concello de Ourense

Data de inicio: 03-09-2021

Data de fin: 07-11-2021

Curso 2021-2022 Voz Natura - Edición XXV

Contido: Os centros educativos -de todos os niveis, excepto o universitario- e asociacións que desexen participar poderán presentar os seus proxectos de actuación ata o 15 de marzo. Nesta edición, que comezará en setembro, o programa cumprirá 25 anos protexendo e recuperando os ecosistemas galegos.

Terán especial relevancia as cuestións que destacaron nestes 25 anos: reforestacións e plantacións para loitar contra os incendios, recuperacións de todo tipo de ecosistemas, limpeza de praias e ríos, redución e reciclaxe de residuos, ademais de todo tipo de propostas para concienciar no coidado do medio ambiente desde as aulas.

Organizador: Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre

Inscripción: Ata o 15 de marzo

Deseño de actividades educativas para a sostibilidade

Contido: Coñecer e/ou ampliar os recursos didácticos con novas propostas, contidos, técnicas e actividades propias da Educación Ambiental para a Sostibilidade.

Lugar: Online

Organizador: CEIDA

Data de inicio: 09-03-2021

Data de fin: 09-04-2021

Curso On-line: Sistemas de Información Xeográfica aplicados á Xestión do Territorio e o Medio Ambiente (Avanzado)

Contido: 1. Repaso de Fundamentos SIG.

2. Xeorreferenciación.

3. Análise Espacial e Ferramentas de Xeoprocesamento.

4. Apliacións dos SIG na Xestión do Territorio.

Lugar: On-line

Organizador: Concellalía de Educación. Concello de Ourense

Inscripción: Información no mail up.educa@ourense.es ou no Telf. 988 388 136

Data de inicio: 26-03-2021

Data de fin: 09-05-2021

Curso On-line: Sistemas APPCC e Prácticas de Hixiene na Industria Alimentaria

Contido: 1. Sistema de Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico (APPCC).

2. Directrices Xerais do Sistema APPCC.

ACTIVIDADES

3. Aplicación do APPCC.

4. Normativa Específica.

Lugar: Online

Organizador: Concellalía de Educación. Concello de Ourense.

Inscripción: Informacion no mail up.educa@ourense.es ou no Telf. 988 388 136

Data de inicio: 12-04-2021

Data de fin: 23-05-2021

En pe de terra: custodia do territorio para pequenas entidades

Contido: Este curso está dentro do proxecto RESERVAS VIVAS e pretende difundir a custodia do territorio como ferramenta para a participación social na conservación da natureza nas reservas da biosfera, con apoio da Fundación Biodiversidade.

Abordaranse algunhas das cuestións básicas para poñer en marcha iniciativas de custodia do territorio desde entidades sociais: desde como levar as nosas ideas á formulación de proxectos, xestión básica de entidades ou do traballo en grupo.

Lugar: Online

Organizador: Asociación Galega de Custodia do Territorio

Inscripción: Cubrir formulario

Data de inicio: 05-03-2021

Data de fin: 06-03-2021

Estatat

Curso de iniciación ao rastrexo

Contido: O rastrexo é a actividade humana máis ancestral, onde a arte e a ciencia confúndense. A procura de información foi determinante para a evolución da nosa especie. Mediante este curso preténdese conservar parte deste patrimonio inmaterial da humanidade.

Lugar: Online

Organizador: Ecotono

Data de inicio: 15-03-2021

Data de fin: 15-03-2021

Diploma de especialización- Espazos Naturais Protexidos como soporte do desenvolvemento rural sustentable

Contido: Un problema cada vez máis perentorio para o desenvolvemento rural sustentable é a incidencia do cambio global na natureza (biodiversidade e geodiversidad). Para iso será necesario coñecer cal é a situación dos sistemas naturais a partir da análise de indicadores ambientais que poñan de manifesto esa incidencia. Desde esta perspectiva, os ENPs son zonas onde se pode facer un mellor seguimento deses indicadores, dado que nelas hai un rico patrimonio natural.

O obxectivo destes estudos é proporcionar ao estudantado que os curse as ferramentas necesarias para abordar a estimulación da actividade social e económica de rexións rurais, tendo como soporte fundamental o coñecemento, a xestión e uso sustentable dos seus sistemas naturais.

ACTIVIDADES

Lugar: Semipresencial/Virtual

Organizador: UNIA

Inscripción: Inscripción aberta

Data de inicio: 26-04-2021

Data de fin: 17-09-2021

XORNADAS

Internacional

I xornadas internacionais on-line "Antropoloxía da conservación"

Contido: No marco do proxecto GOBERPARK organízanse as I Xornadas Internacionais GOBERPARK, celebraranse en formato on- line os días 25 e 26 de marzo de 2021. As xornadas deseñáronse co obxectivo de analizar e discutir as políticas e xestión das áreas protexidas, e en especial dos parques naturais.

Lugar: Online

Organizador: GOBERPARK

Data de inicio: 25-03-2021

Data de fin: 26-03-2021

OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia

Exposición Itinerante "Emerxencia Climática: feitos e datos"

Contido: "Emerxencia climática: feitos e datos", enfocada desde a educación ambiental e baseándose en información científica contrastada, pretende proporcionar os fundamentos básicos que argumentan a crise climática que vivimos. Preséntase como un percorrido secuencial, pero tamén pode facerse un achegamento á exposición tendo en conta catro grandes bloques de contidos diferenciados:

- Bases de Coñecemento climático,
- Dende o Global ata pisar o noso territorio,
- Motivos para a esperanza proposta de acción.
- Estratexias, alianzas e actores para a Emerxencia Climática.

O obxectivo último da mostra é achegar ao público os aspectos básicos relacionados con este problema ambiental global, para favorecer a súa comprensión, xerar procesos de reflexión, e conseguir comportamentos dirixidos á acción para a mitigación e adaptación. A emerxencia climática interpélanos a todos e todas e hai razóns para a esperanza.

Organizador: CEIDA e Deputación da Coruña

Novas actividades no programa educativo "Para unha Transición Ecolóxica"

Contido: Novas actividades educativas dentro da oferta dirixida aos centros de ensino da provincia da Coruña. O obxectivo fundamental é traballar co alumnado sobre tres temáticas

ACTIVIDADES

ambientais fundamentais dos nosos tempos, de cara ó seu coñecemento e sensibilización: o lixo mariño, a emerxencia climática e os espazos naturais protexidos. As actividades desenvolveranse durante o curso escolar 2020-2021, e o 1º trimestre do curso 2021-2022.

Organizador: CEIDA e Deputación da Coruña

Inscripción: Consultar web-formularios

Estatál

Webinar da Escola de Enerxía. Bos hábitos de consumo enerxético no fogar

Contido: Aprender a adaptar os nosos hábitos de consumo para que o consumo de enerxía sexa moito máis eficiente.

Lugar: Webinar

Organizador: Fundación Naturgy

Data de inicio: 26-03-2021

Data de fin: 26-03-2021

Aberta a convocatoria de contribucións á revista 51 de EUROPARC-España

Contido: Ábrese a convocatoria de contribucións ao número 51 da revista dos Espazos Naturais Protexidos de EUROPARC-España, cuxa publicación está programada para xuño de 2021. As propostas poden remitirse por correo electrónico a oficina@redeuroparc.org ata o 30 de marzo de 2021.

As contribucións deben seguir unhas normas de publicación.

Organizador: EUROPARC-España

Inscripción: Ata o 30 de marzo de 2021.

Enquisa CT6- Conama 2020. Riscos climáticos e da natureza e os seus impactos financeiros

Contido: O propósito desta enquisa dirixida a todos os sectores económicos da sociedade é tomar a temperatura ao grao de coñecemento das organizacións sobre os riscos financeiros relacionados co clima e a natureza, como os xestionan e divulgan, así como as carencias e dificultades atopadas e as súas posibles solucións, metodoloxías e ferramentas existentes, e as oportunidades vinculadas á adecuada xestión dos devanditos riscos.

As respostas solicitadas servirán para a elaboración dun documento divulgativo que abordará o contexto regulatorio da xestión de riscos climáticos e da natureza; tendencias e iniciativas; metodoloxías e ferramentas máis destacadas; carencias identificadas; oportunidades de colaboración e exemplos sobre como fortalecer a resiliencia social.

Lugar: En liña

Organizador: Conama

ACTIVIDADES

Unión europea

Evento final proxecto CICERONE. Exposición de resultados

Contido: A Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda participa no proxecto H2020 CICERONE (Circular economy platform for European priorities strategic agenda).

Este proxecto reúne ás principais partes interesadas, administracións, programadores, investigadores e empresas, para construír xuntos unha plataforma que sirva de ferramenta para implantar un modelo de economía circular eficiente.

O proxecto aborda, de xeito específico, as necesidades e prioridades que deben marcar a folia de ruta a seguir para acelerar a implantación dunha Europa circular, eficiente e efectiva, mediante a programación conxunta de proxectos, a promoción da investigación e o intercambio de información, e involucrando a todos os sectores implicados a todos os niveis, incluídos os cidadáns.

O 30 de marzo de 2021 realizarase a conferencia final on-line onde se presentarán os resultados acadados polo proxecto CICERONE, lanzarase a Plataforma de Cooperación Circular da UE (EU CCH).

Lugar: Online

Organizador: EU Circular Cooperation HUB

Inscripción: Inscripción na ligazón adxunta

Data de inicio: 30-03-2021

Data de fin: 30-03-2021

Launch of calls for proposals to promote European agri-food products at home and abroad

Contido: Convocatoria de propostas para programas europeos de promoción agroalimentaria que respalden os obxectivos medioambientais da UE, dando apoio aos produtos orgánicos, ás froitas e hortalizas e á agricultura sostible. Asígnase un orzamento total de 182,9 millóns de euros dos que case a metade estará destinado a campañas que difundan as mensaxes da estratexia "Da granxa á mesa".

Organizador: European Commission

Data de fin: 28-04-2021

Internacional

Conferencia da ONU sobre Biodiversidade (COP15)

Contido: A Conferencia de Biodiversidade da ONU, COP15, convocará a gobernos de todo o mundo para acordar un novo marco global para a biodiversidade post-2020.

O marco establece un plan ambicioso para transformar a relación da sociedade coa biodiversidade e garantir que, para 2050, se cumpra a visión compartida de vivir en harmonía coa natureza.

Na Conferencia tamén se analizará a implementación dos protocolos do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica que abordan a distribución xusta e equitativa dos beneficios do uso da biodiversidade, e o transporte, manipulación e etiquetaxe seguros dos organismos vivos modificados.

Lugar: Kunming, China

ACTIVIDADES

Organizador: ONU

Data de inicio: 17-05-2021

Data de fin: 30-05-2021

Procura de empresa española para unirse a consorcio exipcio en proxecto de biogás a partir de residuos animais

Contido: Búscase empresa española que se incorpore a un consorcio exipcio para o desenvolvemento dun proxecto de I+D no ámbito a valorización de residuos animais para produción de enerxía.

A proposta ten como obxectivo ser presentada á convocatoria bilateral ESIP (Egypt- Spain Innovation Programme): acordo entre o CDTI (É) e STDF (EG) (Science & Technology Development Fund), axencia governamental dependente do Ministerio de Investigación Científica de Exipto, que contempla un programa para promover e financiar proxectos de I+D conxuntos nos sectores de, entre outros, Enerxía. Para participar é necesario polo menos unha empresa española, unha entidade académica exipcia e unha empresa exipcia. A quinta Convocatoria ESIP pechará o 15 de abril de 2021.

Organizador: CDTI (ES) e STDF (EG)

Data de fin: 15-04-2021



BIBLIOGRAFÍA

EXPOSICIONES

Guía de Boas Prácticas para a Integración Paisaxística das Actividades Extractivas, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda -Instituto de Estudos do Territorio, 2020

Guía da Paisaxe do Tempo. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Instituto de Estudos do Territorio, 2020

MONOGRAFÍAS

Estratexia AEEMA/Eionet 2021-2030: Proporcionar datos e coñecementos para lograr as ambicións de Europa en materia de clima e medio ambiente

O gas natural na industria

Informe bienal 2020 da EIO: a ecoinnovación dixital como medio para alcanzar unha economía circular en Europa. Eco- Innovation Observatory

Integración das Tecnoloxías Renovables na Transición enerxética

Informe sobre a brecha de adaptación 2020 © 2021 United Nations Environment Programme

Hidróxeno. Vector enerxético dunha economía descarbonizada

Guía de boas prácticas para a conservación da biodiversidad en pemes. Fundación Conama, 2020

Carbon pricing. Principais logros en Europa e opcións para unha descarbonización profunda

Oceana publica o informe "Unmanaged = Unprotected: Europe's marine paper parks"

Boletín da Rede de Seguimento do Cambio Global na Rede de Parques Nacionais 8: Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia


BIBLIOGRAFÍA

Cambio climático. Bases científicas e cuestións a debate

EASME (2020) Bringing nature back through LIFE. Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises, Brussels. © European Union, 2020 |

RECURSOS AUDIOVISUALES

EUROPARC-España publica o vídeo "Os bosques, aliados contra o cambio climático"



BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

